

**MARÉ****INICIATIVA**

■ No ciclo 'Escritores na Universidade'

**Lorenzo** quere seguir apoianto a AELG "nos próximos anos"

O secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, participou onte na apertura do V Ciclo Escritores na Universidade, unha iniciativa que que promove a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) coa colaboración de Política Lingüística e da Universidade de Vigo (Uvigo).

O responsable de Política Lingüística agradeceu á AELG "o seu traballo e esforzo por manter viva esta iniciativa" e salientou a importancia de colaborar coa AELG e co Centro PEN de Galicia neste tipo de actividades culturais nas que a lingua galega ocupa un papel central.

Lorenzo expresou o seu desexo de "manter nos próximos anos esta colaboración coa AELG, a pesar das dificultades económicas que temos por diante". Xunto con Anxo Lorenzo, participaron na inauguración do ciclo o escritor e vogal da AELG en Vigo, Francisco Castro, e mais a decana da Facultade de Filoloxía e Tradución, Rosa López". Tras a inauguración, o escritor Anxo Angueira presentou as poetas Dores Tembrás e Estíbaliz Espinosa, que compartiron a mesa *Poesía de muller. Poesía feminista*. ● REDACCIÓN